

NOS 90

Jonah Hill, 2019

545

ESTREA EN NUMAX: 21 de xuño | V.O.S.E.

Mid90s (2018, 84')

Dirección: Jonah Hill

Guión: Jonah Hill

Elenco: Sunny Suljic, Katherine Waterston, Lucas Hedges, Alexa Demie, Na-kel Smith, Olan Prenatt, Gio Galicia, Ryder McLaughlin, Stephane Nicoli, Kasey Elise, Craig Reed, Jerrod Carmichael, Cici Lau

Son: Caleb Townsend

Montaxe: Nick Houy

Dirección de arte: Justin Allen

Vestuario: Heidi Bivens

Música: Trent Reznor, Atticus Ross

Fotografía: Christopher Blauvelt

Produtora: A24, Waypoint Entertainment (EEUU)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.33:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinalde 2018 (Sección Oficial),

Toronto 2018 (Sección Oficial)

SINOPSE

Stevie é un adolescente de 13 anos na década dos 90 en Los Angeles que pasa o verán repartíndose entre a súa problemática vida familiar e o novo grupo de amigos que atopa na tenda de skate de Motor Avenue.

«O actor Jonah Hill debuta detrás da cámara cunha pequena xoia xeracional»

Irene Crespo, CINEMANÍA



“É un filme sobre o reino animal, un cachorro que está aprendendo a sobrevivir e a desenvolverse dentro dunha manda”

Fragmento da conversa entre
Jonah Jill e Rembert Browne

Estaba vendo o filme e tras os primeiros dez minutos pensei en que partes serían autobiográficas. Até que punto algún dos personaxes, a contorna, o pano de fondo ou outra cousa foi collida da túa vida e de ti mesmo? Son escritor e esta é unha historia de ficción. É dicir, non é autobiográfica. É unha historia que escribín, algo que quería contar. Moitos dos sentimentos sobre facerse maior son persoais. E talvez algunhas cousas pasáronlles aos meus amigos. Pero son personaxes complexos que quería escribir nunha historia que quería contar.

Cando estabas creando a historia, de onde xurdiu? Focalizaches primeiro o lugar onde rodarías? O primeiro que consideraches foi a cultura do skate? Si, pero non era unha cuestión cultural. Medrei facendo skate en Los Ángeles a mediados do noventa. Pasaba todo o tempo no Pazo de Xustiza, que está no filme. Recreámolo para que fose o que era naquela época, cos grafitis e esas cousas.

Facer skate nese momento, aínda que nunca fun moi bo, era atopar un grupo de amigos. Cando es o máis pequeno tes que abirte camiño a través do reino animal. E cando es o maior, velos loitar por atopar o seu lugar. É un filme sobre o reino animal, un cachorro que está aprendendo a sobrevivir e a desenvolverse dentro dunha manda.

Exactamente. Sempre sentín conexión con, digamos, a antiética do skate. Daría calquera cousa por poder facer algúns trucos que os rapaces fan, pero o máis importante é que me deu un punto de vista, unha opinión e perspectiva. E, xa sabes, unha familia fóra da miña casa. Así que, aínda que non é a miña historia persoal, son os lugares onde medrei.

No meu caso, ademais de ser o máis novo, era o máis pequeno fisicamente. Con eses xigantes que parecían vinte anos maiores ca min cando en realidade tiñan tres anos máis. Eu era o pallaso do grupo e dáballe fatal ao skate. Así que mentres vía o filme lembraba ser cada un dos personaxes, o que me pareceu moi interesante, xa que tanto para min como para moitos outros resulta doado sentirse identificado. Que te sentiches desa maneira, e que alguén poida sentirse así, é o mellor eloxio que podo recibir. Nos filmes que me encantan hai personaxes complexos, pero tamén personaxes nos que podes verte a ti mesmo. Nesa época, no skate, no hip hop, ou simplemente vendo adolescentes facer cousas, era moi pouco aceptábel estar motivado. Case o máis patético que podías facer era estar motivado.

Era «Ah, valo tentar?» Esforzarse moito era ridículo, algo do que se fala no filme. As persoas que coñecín e que dalgunha maneira estaban motivadas quedaron gravadas na miña mente para sempre. Quería que houboese un personaxe que representase iso. Cando coñecín a Na-Kel Smith vin que el é así. Porque é xenial, e é un gran actor, e nunca resulta ridículo.

É moi bo actor. Podía interpretar alguén moi motivado pero nunca ridículo. E para min, diso trataba o filme, de atopar estes mozos, que fosen naturais e facer un filme con eles. Doutra banda, ver eses skaters transformarse en grandes actores foi probablemente a experiencia máis conmovedora da miña vida.

Si, xusto ía preguntarche sobre o proceso de atopalos, e non só de atopalos, senón de transformalos ou de axudalos a converterse nese elenco tan críbel. Foi xenial. Escribes eses personaxes e o que máis queres é ver como cobran vida. Coñecía moitísimas persoas do mundo do skate, algunhas da miña infancia e algunhas de hai pouco. Investiguei e coñecín moita xente interesante. O meu amigo e coprodutor Mikey Alfred foi de gran axuda. Pero logo, por exemplo, coñecín a Sunny nunha pista de skate. Achegouse e comezou a falar, e era el. Eu buscaba un mozo que medise 90 cm reais, pero 3 metros por dentro. El entende moito máis o personaxe cara o final, despois da confianza que depositamos nel. Por iso é tan críbel. Velo medrar na pantalla.

Publicado en diamondfilms.es
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenumax